

PARTICIPACIÓN NO PROXECTO NÓS+OUTRAS EN REDE

As mulleres do Banco de Tempo participaron no obradoiro artístico titulado **Meu espazo vivído** impartido por **Paula Cabaleiro**, que se levou a cabo no Pazo de Tor o 25 de xaneiro. A obra realizada no mesmo presentárase no **Museo Provincial de Lugo o xoves 3 de marzo ás 12:00 h na inauguración da exposición** en clave feminina **Nós+Outras en rede** promovida pola Rede Museística de Lugo en colaboración con **ACADAR** dentro do proxecto **EducaThyssen**.

OBRADOIRO “MULLERES DE LEMOS, LOLA DE PENELAS. Unha muller para o 8 de marzo” **CENTROS DE ENSINO DE EDUCACIÓN PRIMARIA E BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DE MONFORTE E COMARCA**

O obradoiro desenvolverase ao longo do mes de marzo nos **Centros de Educación Primaria** e nas **Bibliotecas Municipais de Monforte e a Comarca**. Con esta actividade dáse continuidade ao proxecto **“MULLERES DE LEMOS” en colaboración co colectivo “Lemos Le”**. Neste proxecto búscase que rapaces e rapazas coñezan a mulleres significativas da Historia de Lemos e o seu papel nas distintas épocas históricas. Este ano está dedicado a **Lola de Penelas**, oleira de Gundivós, sobre a que o alumnado de primaria realizará unha serie de debuxos que ilustrarán un conto infantil sobre a vida desta muller.

***ACTO CONMEMORATIVO DO 8 DE MARZO**

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

PÚBLICO EN XERAL

O **martes 8 de marzo ás 12:00 h** na **Praza de España** procederase á lectura dun **Manifesto** pola Igualdade a cargo de **Marina Doutón Rajo, Concelleira de Igualdade**, e ao **reparto de lazos malvas** entre toda a cidadanía. No citado acto participará o **alumnado da Escola Infantil Municipal de Monforte e alumnado de 3º da ESO** de todos os centros de ensino.

HISTORIAS CON MÚSICA: CELEBRANDO LO FEMENINO

PÚBLICO EN XERAL

O **martes 8 de marzo ás 20:15 h** no **Salón de Actos do Centro Cívico Social do Paseo do Malecón** a narradora **Teresa Grau** acompañada por **Paula Vázquez Berao** ao clarinete relatará varias historias nas que reflectirá con poesía, humor e ironía a sabedoría das mulleres e o seu legado.

VISIONADO E ENTREGA DE EXEMPLARES DO CONTO

CENTROS DE ENSINO DE EDUCACIÓN PRIMARIA E BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DE MONFORTE E COMARCA

“MARIA CASTAÑA. Unha muller para o 8 de marzo”

O **xoves 10 de marzo no Salón de Actos da Casa da Cultura ás 11:00 h** (nunha primeira quenda) e **ás 12:00** (nunha segunda quenda) o alumnado dos **Centros de Educación Primaria de Monforte e Comarca** asistirá á **reprodución do conto en formato dixital coa voz en off de Manola Porto** e á **entrega dos exemplares do conto ilustrado** cos debuxos que elaboraron o pasado ano no obradoiro **“Mulleres de Lemos, María Castaña. Unha muller para o 8 de marzo”**.

IX CHARLA DE PREVENCIÓN DA SAÚDE NA MULLER

“ENFERMIDADES DOS DEDOS DO PÉ”

PÚBLICO EN XERAL

O **xoves 10 de marzo ás 20:15 h** no **Salón de Actos do Centro Cívico e Social do Paseo do Malecón o Dr. Carlos López Otero**, traumatólogo en cirurxía ortopédica e traumatoloxía do Hospital Comarcal de Monforte, ofrecerá unha charla informativa sobre as malformacións que se poden producir nos pés (xoanetes, dedo martelo,...).

COMISIÓN DE IGUALDADE

PERSONAL DO CONCELLO DE MONFORTE QUE COMPÓN A COMISIÓN DE IGUALDADE

O **venres 11 de marzo ás 12:00 h** na **Sala de Xuntas do Concello de Monforte** realizarase unha nova **xuntanza da Comisión de Igualdade** coa finalidade de coordinación, seguimento e avaliación das accións recollidas no II Plan de Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres do Concello de Monforte de Lemos (2013-2016).

XORNADA FORMATIVA DE CAPACITACIÓN

EN IGUALDADE NA ADMINISTRACIÓN

PERSONAL POLÍTICO E TÉCNICO CONCELLO DE MONFORTE

O **venres 11 de marzo de 12:30 h a 15:00 h** na **Sala de Xuntas do Concello de Monforte** celebrarase unha **Xornada Formativa de capacitación en igualdade** dirixida ao **persoal político e técnico do Concello de Monforte de Lemos**. Esta formación será ofrecida por **Eva Martínez Montero**, especialista en igualdade.

OBRADOIRO “MANEXO DE DISPOSITIVOS MÓBILES”

MULLERES

O **luns 14 e o martes 15 de marzo, de 16:30 h a 18:30 h**, na **Sala de Actividades (2º andar) do Centro Cívico e Social do Paseo do Malecón**, levarase a cabo un obradoiro que nos axudará a coñecer o manexo de dispositivos móbiles co obxectivo de romper a fenda dixital de xénero. Será impartido polo informático **Alfonso Herrera Carballo**.

Prazas limitadas: as persoas que desexen participar deberán realizar a **inscrición antes do 10 de marzo** nas dependencias do **Centro de Información á Muller** sitas no primeiro andar do Centro Cívico e Social (teléfono 982 416 350).

* Se as condicións meteorolóxicas non o permiten o Acto Conmemorativo do 8 de marzo celebrarase na Casa da Cultura.

